

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA
POLO PLENO DO CONCELLO, O DÍA 09/07/2016.

Concelleiros presentes:

D. Secundino García Casal.
D. Manuel Varela Mecías.
D^a María Amparo Calvo González.
D. Jesús Manuel Soto Vivero.
D^a Ana Belén Breijo Gundín.
D. Manuel Beceiro Couce.
D. Manuel Romero Castrillón.
D^a Silvia Fernández Muiño.
D. Eduardo Lourido Doval.

Concelleira ausente:

D^a Sabela Iñiguez Cinza.

Secretario:

D. Miguel A. Arroyo Moreno.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de San Sadurniño, sendo as once horas e trinta e tres minutos do día nove de xullo de dous mil dezaséis, comparecen os Sres. Concelleiros deste Concello arriba indicados, en presenza do devandito Secretario, para a celebración da sesión ordinaria do Pleno do Concello oportunamente convocada polo Sr. Alcalde en cumprimento do establecido no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro e no Regulamento Orgánico deste Concello.

Iníciase seguidamente a deliberación dos asuntos de competencia do Pleno incluídos na Orde do Día da sesión, que son os seguintes:

PRIMEIRO. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Dase conta da acta da sesión extraordinaria celebrada o día sete de maio do presente ano dous mil dezaséis. Pola Presidencia pregúntase ós Sres. membros da Corporación se teñen observacións ou propostas de modificación que formular en relación con esa acta. Non téndoas, sométese seguidamente a votación a aprobación desa acta, e a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus nove membros presentes, acorda prestarlle a súa aprobación á mesma.

SEGUNDO. TOMA DE POSESIÓN ANTE O PLENO DA CONCELLEIRA ELECTA DONA MARÍA BELÉN TRIGO MEIZOSO.

Dase conta do expediente tramitado para a substitución dun concelleiro do grupo do PP que renunciou ó seu posto, de que o Pleno, mediante acordo do 07/05/16, tomou coñecemento da renuncia ó posto de concelleiro dese concelleiro, Andrés Fernández Graña, e da credencial recibida da Xunta Electoral Central designando como concelleira a María Belén Trigo Meizoso en substitución do anterior.

O asunto comprendido no presente punto da Orde do Día non foi ditaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declárase urxente en votación ordinaria e por unanimidade dos nove membros presentes do Pleno do Concello, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

En consecuencia, o Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda aceptar a toma de posesión de María Belén Trigo Meizoso como concelleira deste Concello en substitución de Andrés Fernández Graña, tras a renuncia voluntaria deste. A tal finalidade, en cumprimento do establecido legalmente, pregúntase á nova concelleira se xura ou promete pola súa conciencia e pola súa honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleira do Concello de San Sadurniño, con lealdade ó Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado, ó que a Sra. Trigo Meizoso resposta que o xura.

Finalmente, o Sr. Alcalde pronuncia unhas breves palabras de benvida á nova concelleira.

TERCEIRO. TOMA DE RAZÓN DE ACORDOS E RESOLUCIÓNS.

Dase conta de diversos acordos da Xunta de Goberno, que figuran en actas xa entregadas ós concelleiros, e en resolucións da Alcadlía, todas reseñadas nas actas da Xunta de Goberno.

Dase conta expresamente da aprobación de dous expedientes de modificación de créditos, os números 3 e 4 de 2016, aprobados nas sesións da Xunta de Goberno celebradas os días 01/06/16 e 21/06/16.

A Corporación queda enterada do exposto.

CUARTO. DETERMINACIÓN DAS FESTIVIDADES LOCAIS PARA 2017.

Dase conta polo Sr. Alcalde da necesidade de establecer coa brevidade posible as datas nas que se celebrarán as festividades laborais de carácter local no vindeiro ano 2017, e da proposta do grupo de goberno no sentido de manter as datas tradicionais destas festas, é dicir, o martes de Entroido, que no 2016 cadrará no 28 de febreiro, e o luns 3 de xullo, no que se conmemorará Santa Sabela.

O asunto comprendido no presente punto da Orde do Día non foi ditaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declárase urxente en votación ordinaria e por unanimidade dos dez membros presentes do Pleno do Concello, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

A Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda aprobar a referida proposta.

QUINTO. MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 8, REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS.

Dase conta do expediente aberto para a modificación da Ordenanza Fiscal de que se trata e para a derogación da número 18, reguladora dun prezo público por fotocopias, xa que este feito imponible quedaría incluído no novo cadro de tarifas da O.F. Nº 8. O Sr. Soto explica que a proposta, que contén unha nova redacción da totalidade da O.F. Nº 8, débese á necesidade de modernización, á apertura do Punto de Información Catastral e á regulación do seu uso, e á

ausencia na ordenanza vixente de previsións relativas ás contratacións e ós procedementos de selección de persoal.

O asunto comprendido no presente punto da Orde do Día non foi ditaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declárase urxente en votación ordinaria e por unanimidade dos dez membros presentes do Pleno do Concello, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

O Sr. Lourido amósase conforme coa proposta de modificación da ordenanza de que se trata.

O Sr. Romero interven para manifestar a oposición do seu grupo á aprobación desta norma, na que non ven mellora algunha dos servizos senon afán recadatorio por parte do grupo de goberno, en perxuízo de persoas con escasos recursos, cuxos dereitos fundamentais veríanse reducidos, e ademáis en contra dos compromisos asumidos polo BNG. Di tamén que cando governe o PP retirarán a suba que se vai aprobar hoxe.

O Sr. Soto interven para respostar que lle gustaría un debate serio e responsable sobre este tema, que non se pode acudir ó catastrofismo e que hai que mirar para os concellos próximos. Non se pode pedir o todo gratis porque eso supón que non haberá capacidade económica para prestar servizos necesarios. Di que non se limita dereito algún, xa que se fose así retirarían a proposta, e que os impostos deben cubrir o custe dos servizos segundo establece a lei, ademáis de que hai un presuposto aprobado que debe ser executado, e insiste na comparación coas contías dos tributos que se aplican en municipios veciños, especialmente en As Somozas.

O Sr. Romero interven novamente para dicir que non tiveron tempo de estudar a proposta antes do pleno e que un asunto desta natureza debía ser tratado previamente alomenos nunha xunta de portavoces.

O Sr. Alcalde di que o debate non da para máis, que a propia ordenanza xa establece moitos supostos de non suxeción, como a da documentación que se precise para trámites administrativos, e que no resto, o dito polo Sr. Romero é demagogia, ademáis de que tiveron unha semana para poder consultar a documentación do pleno e obter copias, como fixo o concelleiro do PSOE.

O Sr. Romero insiste en que soamente tivo acceso á documentación no mostrador das oficinas, que non se lle facilitaron fotocopias e que xa están feitos a non dispor da documentación necesaria con tempo para o seu estudo.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de sete votos favorables, dos seis concelleiros presentes do BNG e o do PSOE, con tres votos contrarios, dos concelleiros do PP, acorda:

1º.- Derrogar expresamente a Ordenanza Fiscal número 18, reguladora do prezo público por fotocopias.

2º.- Aprobar a nova redacción da Ordenanza Fiscal nº 8, reguladora da Taxa por expedición de documentos.

3º.- Dispor a realización dos trámites necesarios para a posta en vigor da Ordenanza Fiscal nº 8, na súa nova redacción, coa brevidade posible.

SEXTO.- APROBACIÓN DECLARACIÓN INSTITUCIONAL EN APOIO Á PLATAFORMA DE VÍCTIMAS DO ALVIA 04155.

O Sr. Soto da lectura á proposta de declaración de que se trata, que literalmente di:

“A Plataforma de Vítimas do Alvia 04155 leva loitando por esclarecer as circunstancias nas que se produciu o desgraciado accidente do tren Alvia 04155 con destino a Santiago de Compostela o 24 de xullo de 2013. Este accidente no que morreron 81 persoas e resultaron feridas outras 145 é o accidente ferroviario máis grave da historia da democracia española. Dita Plataforma constituíuse coa intención de reivindicar a verdade e a xustiza en sentido amplo, esixindo tamén responsabilidades políticas, polos feitos que rodearon ao mencionado sinistro.

Un suceso tan grave non pode nin debe quedar no esquecemento das institucións públicas e dos responsables políticos, e por iso é necesario indagar nas causas e responsabilidades penais e políticas que puidesen derivarse do devandito accidente ferroviario. Á marxe das investigacións xudiciais e as responsabilidades penais que poidan derivarse delas, as vítimas sempre reivindicaron a apertura dunha Comisión de Investigación Parlamentaria para depurar as responsabilidades políticas e nun exercicio de responsabilidade é necesario dar o noso apoio a esta iniciativa, situarnos do seu lado dándolles o noso apoio expreso.

A Plataforma de Vítimas do Alvia 04155 denunciou en reiteradas ocasións a falta de sensibilidade das autoridades e unha incomprendible situación de desamparo que viola os seus dereitos máis básicos como vítimas e familiares deste terrible suceso. Con esta declaración institucional non podemos reparar o dano inmenso que estas persoas sufriron, non podemos facer xustiza, nin esclarecer a verdade do ocorrido, pero a través do consenso entre todos os partidos políticos con representación no noso Concello nun acto de responsabilidade e compromiso contribuímos a recoñecer e dignificar ás vítimas e familiares do accidente ferroviario Alvia 04155.

Por todo o anterior o Concello de San Sadurniño,

ACORDA

- a) Dar apoio expreso á Plataforma de Vítimas do Alvia 04155*
- b) Que o Concello de SAN SADURNIÑO reciba á Plataforma de Vítimas do Alvia 04155, para coñecer as súas demandas e reivindicacións.*
- c) Solicitar ao Goberno do estado que encargue a unha comisión de expertos e técnicos independentes a investigación do ocorrido.*
- d) Solicitar ao Goberno do estado a apertura dunha comisión de investigación en sede parlamentaria para establecer posibles responsabilidades políticas.”*

O asunto comprendido no presente punto da Orde do Día non foi ditaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declárase urxente en votación ordinaria e por unanimidade dos dez membros presentes do Pleno do Concello, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

O Sr. Soto engade que se congratula por que a Unión Europea tomara cartas neste asunto, deixando aberta a posibilidade de que se depuren responsabilidades políticas por este accidente.

O Sr. Lourido amosa o seu acordo coa declaración, decindo que é necesario profundizar na investigación aberta, como pedía hoxe Feijoo na prensa, resolvendo os erros e a ocultación de información, e evitando caer na explicación fácil do fallo humano.

O Sr. Romero tamén manifesta a súa conformidade coa proposta, insistindo na necesidade de aclarar todas as cuestións relacionadas con este accidente.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda aprobar a declaración de que se trata.

SÉTIMO. MOCIÓN DO BNG A PROL DAS PERSOAS LGTBI.

O Sr. Soto da lectura á moción de que se trata, presentada no rexistro de documentos o día 01/07/16, co número 1411, e que literalmente di:

“O pasado día 28 de xuño foi o Día Internacional polos dereitos das persoas lesbianas, gais, bisexuais, transexuais e intersexuais, un día que ten que servir para demandar unha maior atención sobre a necesidade de traballar contra a discriminación e facer visíbel unha realidade plural que moitas veces non existe por ser invisibilizada social e politicamente. Cómpre que as institucións públicas desenvolvan unha labor neste sentido e planifiquen accións e actividades ao longo de todo o ano, o que non colide co feito de facer patente, de maneira moi especial arredor desta data, o compromiso das institucións públicas coas reivindicacións da comunidade LGTBI.

No 2014 o Parlamento de Galiza aprobou a Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galiza, unha lei que o BNG apoiou, comprometéndose a afondar nela e a vixiar o seu cumprimento. O BNG é consciente de que esta é unha cuestión a medio e longo prazo, unha cuestión que require un maior apoio social e institucional ao movemento LGTBI nun contexto de desigualdade e discriminación.

Por estas razóns, o Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo pleno do Concello de San Sadurniño esta moción proponendo a adopción dos seguintes

ACORDOS

1.- O Concello de San Sadurniño daralle continuidade ao programa de educación afectivo sexual e habilidades sociais dirixido ao CPI da localidade que sirva para normalizar a diversidade sexual e contribúa á eliminación de prexuízos existentes.

2.- A Corporación Municipal de San Sadurniño realizará unha declaración institucional consensuada co resto de grupos políticos, rexeitando calquera tipo de violencia ou discriminación por motivo sexual e en defensa da diversidade e liberdade sexual das persoas.

3.- O Concello de San sadurnniño insta á Xunta de Galiza a que, de xeito urxente, acometa a plena aplicación e desenvolvemento da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galiza, en particular:

a) Dotar o Servizo de apoio e mediación LGTBI, en particular a posta en marcha da liña de atención telefónica permanente ou calquera outra medida análoga para atender todos os casos de consulta, asesoramento ou denuncia de calquera tipo de agresión neste ámbito.

b) Establecer as medidas precisas para garantir que a Consellaría competente en materia de cultura impulse e apoie as producións culturais que inclúan a realidade LGTBI e potencie referentes positivos da homosexualidade, bisexualidade, transexualidade e intersexualidade.

c) Implantar mecanismos efectivos de colaboración para garantir a implicación de todos os poderes públicos.

4.- Colaborar activamente coa Xunta Galiza na aplicación da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galiza, así como coas asociacións, organizacións, colectivos e entidades, para garantir que a práctica deportiva e de actividade física en Galiza se desenvolva en termos de igualdade e sen ningunha discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero."

O Sr. Lourido interven para manifestar o seu apoio á moción e o seu desexo de que pronto non sexan necesarios este tipo de acordos por estar normalizada a convivencia respetuosa entre todos. O Sr. Romero tamén expresa o seu apoio á moción, manifestando a súa convicción de que todos somos iguais e debemos ter os mesmos dereitos. O Sr. Soto remata lembrando o artigo 14 da Constitución e lamentando que aínda sexa preciso adoptar acordos como este para tratar de erradicar as faltas de respecto ós dereitos de persoas que pertencen a estes colectivos.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda aprobar a moción de que se trata.

URXENCIA. Antes de pasar ó oitavo e último punto da Orde do Día, rogos e preguntas, o Sr. Alcalde pregunta ós Sres. membros da Corporación, en cumprimento do sinalado nos artigos 91-4 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e 26-6 do Regulamento orgánico e de funcionamento do Concello, se desexan someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na Orde do Día da presente sesión.

Toma a palabra do Sr. Soto, para propoñer ó Pleno a inclusión dun asunto urxente, unha moción do BNG relativa á recuperación da memoria histórica e de condena da ditadura franquista, xustificando a urxencia do asunto nas datas nas que estamos, xa que o 18 de xullo será o 80 aniversario do inicio da guerra civil.

Sometida de seguido a votación ordinaria a urxencia da moción, a Corporación, por unanimidade dos seus dez concelleiros, acorda considerar a moción urxente, ordenado que ser pase de seguido ó seu debate.

URXENCIA. PRIMEIRO. MOCIÓN RELATIVA Á RECUPERACIÓN DA MEMORIA HISTÓRICA E DE CONDENA DA DITADURA FRANQUISTA

O Sr. Soto le o contido da moción de que se trata, que literalmente di:

"1. O próximo 18 de xullo de 2016 cúmprense 80 anos do golpe de Estado militar contra o rexime democrático vixente no Estado español. Un levantamento militar que en Galiza foi orixe dunha cruenta e brutal represión ao longo dos anos da guerra e durante todo o período da Ditadura franquista.

A represión foi especialmente violenta nos anos da guerra e materializouse en Galiza no asasinato de máis de 5.000 persoas e noutras múltiples formas de violencia física: encarceramentos masivos, violacións, malleiras, rapado do cabelo, inxesta de aceite de ricino. Unha represión que se exerceu con caracteres especialmente violentos e machistas no caso das mulleres.

Nos anos da guerra e ao longo de toda a Ditadura franquista, a represión tivo outras múltiples manifestacións: depuración laboral, sancións económicas, expolio de bens, persecución ideolóxica,

acoso psicolóxico, exclusión social, etc. A imposición violenta da ideoloxía, da moral, da educación e dos valores franquistas afectou a toda a sociedade e os seus efectos prolongáronse no tempo máis alá de 1975.

2. O exercicio da memoria histórica, o coñecemento da verdade, a xustiza, a reparación e rehabilitación das persoas perseguidas polo fascismo, son dereitos humanos fundamentais que temos como sociedade e obrigas que adquirimos coas vítimas e as súas familias.

Malia ter transcorrido xa máis de 40 anos do final da Ditadura e da restauración do rexime democrático, o Estado español carece dunha auténtica política pública da memoria que permita o coñecemento da verdade histórica, a reparación e rehabilitación das vítimas, o exercicio da xustiza e a superación da fenda e das feridas físicas e morais causadas polo levantamento militar e a Ditadura. Así aparece recollido no informe do relator da ONU para os dereitos humanos, Pablo de Greiff, que pon de manifesto as eivas, carencias e obrigas do Estado español en relación con esta materia.

3. As institucións públicas deben ter un posicionamento claro de condena do golpe de Estado do 36, da ditadura franquista e da brutal represión que sufriron miles de galegos e galegas ao longo dese terrible período histórico.

O 80 aniversario do inicio da represión constitúe unha boa oportunidade para expresar o compromiso cos valores democráticos e a condena da Ditadura franquista. No caso dos concellos e deputacións, existe ademais unha obriga ética e política clara a este respecto porque, por unha parte, dirixentes políticos destas institucións e persoal ao seu servizo foron obxecto de represión e persecución en forma de asasinato, cárcere, depuración e outras múltiples formas de violencia. E, por outra, as institucións locais foron parte do aparato administrativo e político que impuxo a Ditadura, o terror e a toda a súa parafernalia simbólica en Galiza.

É por iso que o Grupo Municipal do BNG propón ao Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes

ACORDOS

- *O concello de San Sadurniño expresa a súa condena do golpe de estado militar de 1936 e da Ditadura franquista*
- *O concello de San Sadurniño promoverá ao longo do ano 2016 o desenvolvemento dun programa de actividades –en colaboración con entidades da memoria e concellos- arredor da memoria histórica, a represión e a resistencia contra o fascismo.*
- *O concello de San Sadurniño organizará unha homenaxe pública aos cargos políticos e aos traballadores e traballadoras da institución que foron vítimas da represión franquista.*
- *O concello de San Sadurniño acorda a eliminación, supresión ou anulación dos acordos, distincións e símbolos que reflectan a adhesión e colaboración da institución coa Ditadura.”*

O Sr. Lourido amosa a súa conformidade coa moción, decindo que estes asuntos deben ensinárselle ós estudantes para evitar a súa repetición. Tamén o Sr. Romero manifesta o seu apoio á moción e á memoria histórica, decindo que nas guerras non hai vencedores.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda aprobar a moción de que se trata.

OITAVO. ROGOS E PREGUNTAS.

A nova concelleira, Sra. Trigo, toma a palabra para deixar constancia da súa renuncia á asignación que lle corresponde por asistencia a plenos en favor de familias desfavorecidas do Concello, ás que se estudará como facer chegar esa axuda antes de formular unha proposta concreta.

O Sr. Alcalde di que cada un é libre de facer as donacións que considere oportunas.

Formúlanse de seguido as seguintes preguntas:

O Sr. Romero pregunta polo estado de tramitación do PXOM e a data prevista para a resposta das alegacións presentadas. O Sr. Alcalde resposta que o equipo redactor está a estudar as alegacións para a súa resposta, que hai que encaixar tamén as determinacións da nova Lei e que parece que moitas das alegacións presentadas serán admisibles. Estanse a recibir tamén os informes sectoriais necesarios, aínda que non foi emitido o de Patrimonio, e a previsión é que o PXOM poida ser aprobado definitivamente a finais deste ano ou a principios do que ven.

O Sr. Romero pregunta de seguido cando se van rozar as beiras dos camiños municipais, que nalgúns puntos dificultan a visibilidade para o tráfico rodado, e cando se vai cortar a herba do campo de fútbol de Santa Mariña do Monte, reclamando o coidado dese investimento. O Sr. Alcalde resposta que os desbroces son parcialmente financiados mediante un convenio coa Xunta que este ano asinouse máis tarde que nunca, que o plan de traballo estará listo a semana que ven e que todo o traballo se fai con medios propios. Di tamén que as condicións meteorolóxicas deste ano fixeron que o que se desbrozou ata agora case non se note, e explica os días que leva o traballo en cada parroquia. Polo referido ó campo de fútbol de Monte, di que non tiña coñecemento do seu estado e que o ten que manter o club de fútbol polo convenio asinado co Concello. O Sr. Romero di que entón se lles debe esixir o cumprimento, porque a herba xa ten un metro de alta, e o Sr. Soto di que cre que neste exercicio esa prestación non estaba incluída no convenio, que ese campo non se usa, como era de prever, desde que se rematou o de herba artificial, e que se segará canto antes e se establecerá un programa de mantemento.

O Sr. Romero pregunta de seguido polas razóns da falta de mantemento do arboreto, respostándosele polo Sr. Alcalde que existía un contrato menor para ese mantemento, pero que o contratista solicitou cesar na prestación dese servizo, polo que se está a resolver o tema mediante traballos puntuais mentres se tramita unha nova contratación.

Pregunta finalmente o Sr. Romero cando se habilitarán locais para os grupos políticos, segundo o compromiso adquirido polo grupo de goberno, xa que esa era unha petición moi repetida do BNG cando estaba na oposición. O Sr. Alcalde resposta que non hai inconvinte, e insta ós portavoces dos grupos a sentarse para atopar unha solución, lembrando que desde que non goberna o PP tamén se poden usar locais doutros usos para actos políticos.



San Sadurniño
www.sansadurnino.es

O Casal, 16
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as doce horas e trinta e tres minutos, redactándose a presente acta para a adecuada constancia do tratado e dos acordos adoptados, do que como Secretario certifico.

O ALCALDE PRESIDENTE,

O SECRETARIO,